



Procedemento da Canle Ética

14 de novembro de 2022

Índice

0.	CONTROL DE VERSIÓNS.....	3
1.	OBXECTIVO	4
2.	ÁMBITO DE APLICACIÓN	4
3.	FUNCIONAMENTO	4
3.1	Denunciante/notificante.....	4
3.2	Canle Ética.....	4
3.3	Clasificación das notificacións.	5
3.4	Información ao Comité de Cumprimento.....	7
3.5	Arquivo de notificacións / denuncias	8
	ANEXO. FICHA DE CLASIFICACIÓN DE NOTIFICACIÓNS.....	10

0. CONTROL DE VERSIONS

Version	Data	Modificaci3ns
1	14 11 22	Version Inicial. Aprobada polo Consello de Administraci3n.

1. OBXECTIVO

Proporcionar aos empregados de COSMA, S.A. e a calquera contraparte que teña un interese lexítimo pola súa relación con COSMA, S.A. (clientes, provedores, socios, etc.), unha canle de denuncias a fin de garantir e promover o comportamento ético mediante a comunicación de asuntos ou actividades que poidan supor incumprimentos do Código Ético ou de Conduta e a comisión de ilícitos penais por parte de COSMA, S.A. ou dos seus empregados.

2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Este procedemento é de cumprimento obrigatorio para todo o persoal de COSMA, S.A..

3. FUNCIONAMENTO

3.1 Denunciante/notificante

Calquera empregado, exempregado, cliente, socio e provedor que teña unha fundada sospeita sobre a comisión dalgunha irregularidade, actos ilícitos ou incumprimento de calquera normativa e/ou política de COSMA, S.A., ten a obrigaón de poñelo en coñecemento da Compañía por medio da Canle Ética, preferiblemente de forma nominal.

3.2 Canle Ética

A comunicación dunha denuncia pola Canle Ética pode realizarse a través da intranet de Aqualia, do apartado de correos (Apartado de correos 19312, 28080 Madrid, España), ou a través do correo electrónico canaletico@fcc.es.

Ao redactar a denuncia, o denunciante debe describila co maior nivel de detalle posible canto a feitos, datas, lugares, nomes, importes, provedores, clientes, así como calquera outro detalle que poida achegar maior coñecemento do feito denunciado/notificado, podendo, ademais, achegar os documentos que estime conveniente. Se a denuncia non contén a información necesaria para poder comprobar e/ou investigar os feitos, poderá non tomarse en consideración.

A identidade do denunciante/notificante será preferentemente nominal co obxecto de facilitar a investigación, explicando as circunstancias nas que tivo acceso á información. O sistema establecido garante a confidencialidade do notificante e considera o principio de non represalia. O Compliance Officer de FCC poderá requirir máis información ao denunciante acerca da denuncia recibida.

A través da canle de alertas xestiónanse todas as denuncias/notificacións sobre incumprimentos do Código Ético e de Conduta de COSMA, S.A. e especialmente as seguintes categorías:

- Corrupción.
- Suborno

- Tráfico de influencias.
- Malversación de fondos públicos.
- Delitos contra os recursos naturais e o Medio Ambiente.
- Descubrimiento e revelación de segredos.
- Fraude y estafa.
- Branqueo de capitais.
- Delitos contra Administracións Públicas.
- Delitos contra a ordenación do territorio e urbanismo.
- Delitos contra a saúde pública.
- Financiamento de partidos políticos.
- Acoso.
- Violacións das normas de saúde e seguridade.
- Incumplimentos da lexislación laboral.
- Incumplimento do Código Ético.

A Canle Ética constitúe o medio de comunicación fundamental para o rexistro, canalización e xestión das denuncias relativas a COSMA, S.A. cuxo funcionamento se coordinará a través do Comité de Cumprimento do Grupo FCC (matriz de Aqualia) garantíndose en todo caso que todas as notificacións chegarán ao Compliance Officer de FCC para garantir a integridade das mesmas e que se avalíen de forma apropiada e completa, informando ao Compliance Officer de Aqualia.

3.3 Clasificación das notificacións.

O Compliance Officer de FCC será a persoa responsable de recibir as notificacións/denuncias, e de valorar a admisibilidade das mesmas, clasificándoas mediante unha ficha de valoración (ver anexo), de forma preliminar, segundo a súa tipoloxía e risco, atendendo aos seguintes criterios:

Notificacións de Risco Alto

Clasificaranse como notificacións de risco alto as seguintes:

- Delitos de Corrupción, Suborno e Tráfico de influencias.
- Delitos relacionados con recursos naturais e o Medio Ambiente con impacto significativo en COSMA, S.A..
- Fraude na elaboración dos estados financeiros cuxo impacto sexa material.
- Delito de Branqueo de capitais.
- Financiamento de partidos políticos.
- Acoso laboral, sexual ou por razón de sexo.

- Incumprimento do Código Ético con impacto relevante ou material para COSMA, S.A..
- Interpretación do Código Ético e de Conduta.
- Conflitos de interese relevante ou que involucre a Directivos.
- Fuga de información relevante.
- Notificacións relativas a actuacións de Conselleiros que constitúan incumprimento do Código Ético e de Conduta.
- Notificacións relativas a actuacións de Conselleiros de todos niveis que entren pola Canle Ética.
- Calquera outra actuación que puidese ter un impacto reputacional significativo para COSMA, S.A. ou calquera dos seus socios.

Estas notificacións serán xestionadas no seo do Comité de Cumprimento de FCC e polo Compliance Officer de FCC, dando traslado para o seu coñecemento da notificación ao Compliance Officer de Aqualia para que xestione a resolución final.

Notificacións de risco medio

Aquelas sen impacto relevante sobre a reputación de COSMA, S.A. ou de calquera dos seus socios, relacionadas fundamentalmente coa aplicación do Código Ético e de Conduta.

➤ Principais Categorías:

- Uso inapropiado dos activos da compañía.
- Incumprimentos de controis concretos mitigantes de riscos penais.
- Conflitos de interese de nivel xerencia cara abaixo.
- Notificacións relativas á actuacións de empregados con nivel igual ou inferior a xerente que entren pola canle.
- Incumprimentos do Código Ético e de Conduta sen impacto relevante ou material para COSMA, S.A..
- Cuestións prácticas relativas á aplicación do Código Ético e de Conduta específicas de cada negocio.

Serán comunicadas por parte do Compliance Officer de FCC ao Comité de Cumprimento para a súa información e a súa xestión será delegada no Chief Compliance Officer de Aqualia. Non obstante o Compliance Officer dará seguimento á resolución das mesmas.

Outras notificacións

Consideraranse como outras notificacións aquelas que, dado o seu contido, o Comité de Cumprimento de FCC non ten competencia sobre elas e que, aínda que sexan reportadas ao Comité polo Compliance Officer de FCC a título informativo, será este último o responsable de delegar o seu tratamento e resolución ao Chief Compliance officer de Aqualia para que sexan xestionadas xunto con outras áreas concretas da organización cando o estime conveniente. Entre outras, pódense considerar "outras notificacións" as relativas a:

- Cuestións relacionadas con temas comerciais.
- Queixas sobre outros empregados.
- Comentarios ou suxestións de mellora.
- Consultas de calquera tipo.
- Outras comunicacións que non teñan relación directa cos puntos anteriores.

Unha vez analizada e clasificada a comunicación de acordo aos puntos anteriores, o Compliance Officer de FCC notificará ao informante a decisión de apertura ou non dun expediente de investigación no prazo de cinco (5) días hábiles desde a recepción da comunicación.

3.4 Información ao Consello de Administración.

Todas as denuncias/notificacións presentaranse anualmente ao Consello de Administración de COSMA, S.A. polo Chief Compliance Officer de Aqualia informando sobre a súa clasificación en función da súa tipoloxía e risco, e sobre o estado das notificacións/denuncias anteriores, incluíndo, entre outra, a seguinte información:

- Número de notificacións totais recibidas.
- Número de notificacións pertinentes e non pertinentes, e a súa explicación oportuna.
- Estado das notificacións recibidas.
- Número de notificacións resoltas.

No caso de recibir notificacións ou denuncias sobre as que se teñan indicios suficientes de incumprimento ou irregularidade que puidesen supor un risco penal para COSMA, S.A. ou para algún dos seus socios, o Compliance Officer de FCC, comunicarao sen demora ao Comité de Cumprimento de FCC, mediante a convocatoria extraordinaria de reunión, para a determinación da necesidade ou non de iniciar un procedemento de investigación e definir o responsable ou instrutor de tal investigación, cuxa decisión se comunicará ao Chief Compliance Officer de Aqualia.

A xestión das investigacións recóllese no Procedemento de Investigación e Resposta.

Unha vez realizada a investigación correspondente relativa á denuncia, o responsable da investigación, elaborará un informe coa información relativa ao contido e valoración da denuncia, así como a análise e medidas de actuación propostas, que deberá poñer en coñecemento do Chief Compliance Officer de Aqualia e do Consello de Administración de COSMA, S.A..

O Consello de Administración de COSMA, S.A., valorará a proposta de actuación presentada polo Comité de Cumprimento de Aqualia, e será compartida con RRHH (en termos de aplicación do réxime sancionador correspondente) e/ou tomará as medidas necesarias para a aplicación das medidas acordadas, informando ao Chief Compliance Officer de Aqualia para que este poida informar ao Compliance Officer de FCC.

A execución da proposta de actuación, unha vez aprobada polo Consello de Administración, será trasladada ao Xerente da compañía para a súa aplicación, quen deberá reportar sobre a súa efectiva implantación ao Chief Compliance Officer de FCC, nun prazo non superior a tres meses.

Adicionalmente o Compliance Officer de FCC comunicará, aos notificantes / denunciante, que se tramitaron as cuestións expostas e se foron resoltas ou non.

3.5 Arquivo de notificacións / denuncias


O soporte documental das notificacións/denuncias quedará recollido nunha Base de datos, habilitada para o efecto, con acceso restrinxido aos membros do Comité de Cumprimento e ao Compliance Officer de FCC e debidamente protexida, (Sistema de Xestión de Denuncias).

Este sistema permite almacenar e/ou recuperar información cruce sobre cada notificación/denuncia, incluíndo a data e fonte da denuncia orixinal, resultados de entrevistas, resultados da investigación, tarefas pendentes, resolución final, a cadea de custodia de calquera evidencia ou información cruce.

Polo que respecta á conservación dos datos contidos en cada notificación/denuncia cumprírase en todo momento co especificado na normativa de Protección de Datos vixente.

Unha copia dos expedientes de COSMA, S.A. poderán ser enviados, debidamente anonimizados de acordo con a lexislación vixente e no formato que se solicite, previa solicitude por escrito do Consello de Administración ao Comité de Cumprimento de FCC.

Canal de Denuncias



ANEXO. FICHA DE CLASIFICACIÓN DE NOTIFICACIONES

FICHA DOCUMENTACIÓN DE NOTIFICACIONES /DENUNCIAS

Código/Número da notificación/denuncia:

Data de recepción:

Notificante:

A. Mecanismo de comunicación da notificación/denuncia (marcar)

- On-line a través da intranet corporativa (<http://fccone.fcc.es/web/fccone/canal-etico-fcc>).
- Apartado de correos (Apartado de correos 19312, 28080 Madrid, España)
- Correo electrónico (canaletico@fcc.es, denunciaacoso@fcc.es)
- Outro medio (indicar cal)

B. Breve descripción do contido da notificación / denuncia recibida

C. Análise de admisibilidade

- Consulta
- Notificación/Denuncia non pertinente
- Notificación /Denuncia pertinente

D. Clasificación da notificación/denuncia segundo o nivel de risco (marcar)

d.1 RISCO ALTO

- Delitos de Corrupción, Suborno e Tráfico de influencias.
- Delitos relacionados con recursos naturais e o Medio Ambiente con impacto significativo en COSMA, S.A.
- Fraude con impacto material nos estados financeiros.
- Incumplimento do Código Ético con impacto relevante ou material para COSMA, S.A. Interpretación do Código Ético.
- Conflictos de interese relevante ou que involucre a Directivos.
- Fuga de información relevante.
- Delito de Branqueo de capitais.
- Financiamento de partidos políticos.
- Notificacións relativas a actuacións de Directivos de todos niveis que entren pola canle.
- Calquera outros delitos que poidan ter un impacto reputacional significativo para COSMA, S.A..

d.2 RISCO MEDIO

- Aplicación práctica do Código Ético e de Conduta.
- Uso inapropiado dos activos da compañía.
- Conflictos de interese de nivel xerencia cara abaixo.
- Incumplimentos de controis concretos mitigantes de riscos penais.
- Notificacións relativas a actuacións dos niveis de xerencia cara abaixo que entren pola canle

d.3 OUTRAS NOTIFICACIONES

- Queixas sobre a contorna de traballo.
- Queixas sobre empregados.
- Comentarios ou suxestións de mellora
- Cuestións relacionadas con temas comerciais.
- Outras comunicacións que non teñan relación directa cos puntos anteriores.

E. Conclusión

- Risco alto: trasladar ao Comité de Cumprimento.
- Risco medio: xestión da notificación polo Chief Compliance Officer de Aqualia. Reporte mensual do status ao Comité de cumprimento.
- Outras notificacións. (Envío da notificación ao Chief Compliance Officer de Aqualia).

Comentarios.